

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte de setembro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas vinte minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de setembro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Diamantino Fernando Gachineiro de Almeida

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 3 de agosto de 2022 (RE-E núm. 377), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	DIAMANTINO FERNANDO GACHINEIRO DE ALMEIDA
DNI	██████████

DOMICILIO	LUGAR DE BARBEITOS, PARROQUIA DE RÍO
-----------	--------------------------------------

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSERVACIÓN DE CERRAMENTOS EN FACHADAS DE VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	BARBEITOS
PARROQUIA	RÍO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL DO INMOBLE	36047A086060010001AR
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica valorada redactada polo arquitecto técnico Don Henrique Mella Otero, con data 13/07/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.125,22 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) SEMANAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/09/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SESENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (62,50 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### **3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA**

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

- Proxecto técnico da obra de “ACTUACIÓN NO CAMIÑO DE ACCESO AO COTO (SANTA MARIÑA DE PESCOSE)”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, en data 12/09/22, cun importe global de execución por contrata de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASETE EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (48.317,37 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias co data 14/09/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

#### **4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022**

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 7 de setembro do corrente adoptou acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “PAVIMENTACIÓN E REFORMA DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 24 de febreiro de 2022.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN E REFORMA DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 309.643,21 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

## **5.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O CURSO 2022/23**

Infórmase á Xunta de Goberno Local da Orde do 22 de xullo de 2022 da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2022-23, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 147, do 03/08/22), e a conveniencia de solicitar ditas axudas para por unha banda acadar financiación autonómica para sufragar parcialmente os gastos de funcionamento do PAI e, pola outra, bonificar aos/ás usuarios/as o 100 % do prezo da atención educativa que se presta na dita instalación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar da Consellería de Política Social e Xuventude as seguintes axudas ao abeiro da Orde sinalada:

Liña 1 (axuda para gastos de mantemento): NOVE MIL DOUSCENTOS DOCE EUROS (9.212,00 €).

Liña 2 (bonificación da atención educativa): A contía equivalente á do prezo mensual que lle correspondería aboar aos/ás usuarios/as do PAI, segundo o previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, durante once mensualidades.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar ao alcalde para que, na representación que ostenta, asine a solicitude das axudas e cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

## **6.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

Infórmase á Xunta de Goberno Local da Orde do 29 de agosto de 2022 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022 (DOG núm. 173, do 12/09/22), e a conveniencia de solicitar a axuda para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local para a colaboración na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial nun Concello como o noso deficitario en tecido empresarial e pouco dinámico no eido socioeconómico.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha axuda económica na contía que corresponda segundo o establecido no artigo 4º da Orde da convocatoria para a prórroga da contratación do axente de emprego e desenvolvemento local.

Segundo.- Aprobar a memoria-proxecto que desenvolverá o axente de emprego e desenvolvemento local, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo ao orzamento municipal, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Facultar ao alcalde para que, na representación desta entidade local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

## **7.- AUTORIZACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS DE FORMACIÓN DE ALUMNA NO CONCELLO**

VISTA a solicitude efectuada ao efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar o desenvolvemento de prácticas de formación da seguinte alumna en dependencias de titularidade municipal:

ALUMNA	Ana Isabel Fernández Álvarez
DNI	██████████
ESTUDOS	Educación infantil
CENTRO	IES Francisco Daviña Rey, de Monforte de Lemos (Lugo)
NÚMERO DE HORAS	384
DATA DE INICIO	21/09/2022
DATA FINALIZACIÓN	21/12/2022
DEPARTAMENTO	Servizos Sociais
COORDINADORA	Raquel Blanco Valladares, mestra-directora do Punto de Atención á Infancia (PAI)

Segundo.- As prácticas non serán remuneradas e a alumna non terá relación laboral algunha co Concello, correspondendo ao centro educativo onde realiza a súa formación subscribir a correspondente póliza que asegure as continxencias legalmente esixibles.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o correspondente convenio e canto documento sexa preciso para a efectividade do acordado.

## **8.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVICIOS MUNICIPALES”, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2022 (EXPEDIENTE PASS-SU 1/2022)**

De conformidade co establecido na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de subministro denominado “Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación do subministro de “Adquisición de vehículo para diversos servizos municipais” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Rubén P. Quintá Quintá, alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Yolanda Aguiar Jorge, técnica municipal de Medio Ambiente.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

## **9.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL**

Infórmase aos Sres. concelleiros presentes que con data 13 de setembro de 2022 o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 de Pontevedra ditou sentenza, en autos de Procedemento Ordinario núm. 0000142/2021, co fallo que deseguido literalmente se transcribe: “1º.- *ESTIMAR el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el Concello de Rodeiro contra el acuerdo de 12 de febrero de 2021 de la Junta de Gobierno de la Deputación Provincial de Pontevedra, desestimatorio de su solicitud de ampliación o prórroga del plazo de ejecución y justificación de la subvención concedida para la obra “Urbanización da Praza de Oseira envolvente” con cargo al Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 Liña 1 (anualidad 2018) – expte. 2018045517. 2º.- Anular el acuerdo impugnado, declarando el derecho del Concello de Rodeiro a la ampliación del plazo*”

*concedido para la terminación de la obra subvencionada, hasta el 31 de julio de 2021. 3º.- Sin imposición de costas.”.*

Infórmase asemade que dita sentenza non é firme en canto cabe interpoñer contra ela recurso de apelación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## 10.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Escola de Fútbol Sala Rodeiro

VISTA a instancia presentada por Dona Leticia Vilar Caseiro, na representación da ESCOLA DE FÚTBOL SALA RODEIRO, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 1507, do 16/09/22), pola que solicita a cesión temporal da instalación de titularidade municipal coñecida como “*pavillón polideportivo municipal*”, sito no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, para a realización dos adestramentos dos equipos das diferentes categorías da escola (biberóns, prebenxamín, benxamín, alevín, infantís, cadetes e senior feminino), de luns a venres en horario de tarde; así como para a celebración dos encontros oficiais das competicións federadas correspondentes ás ditas categorías nas datas fixadas polo órgano federativo. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

1. Autorizar a cesión temporal da instalación municipal sinalada para os fins solicitados (adestramentos e competicións federadas).
2. Establecer a gratuidade de dita cesión ao tratarse dunha Asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro (inscrición núm. 2022/034), de conformidade co previsto no artigo 233 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.
3. A autorización enténdese outorgada unicamente para a finalidade solicitada (actividade deportiva de fútbol sala), quedando prohibido calquera outro uso da instalación alleo a dita finalidade sen previa autorización expresa do Concello.
4. O Concello non terá responsabilidade algunha pola conservación e custodia do material que os/as participantes na actividade depositen no local, que deberá ser recollido diariamente ao remate da actividade, deixando a instalación baleira para outros eventuais usos.

5. Non se poderá realizar ningún tipo de obra ou modificación no local cedido sen previa autorización expresa do Concello.
6. A presente autorización se entende concedida "a precario" podendo ser revogada ou suspendida temporalmente en calquera tempo polo Concello si a devandita instalación municipal faise necesario no futuro para outros usos de carácter público, revogación ou suspensión que, no caso de acordarse, non dará dereito algún de indemnización á asociación solicitante.
7. O Concello non se fará responsable polos eventuais danos e prexuízos sufridos polos/as usuarios/as que estean motivados polo desenvolvemento da actividade ou polo mal uso da instalación cedida e, aos citados efectos, a asociación solicitante deberá acreditar ante o Concello, con anterioridade ao inicio da actividade, ter asegurada a responsabilidade civil durante todo o tempo que dure a mesma.
8. Esíxese ao corpo técnico, xogadores/as e/ou alumnos/as usuarios/as a utilización axeitada da instalación cedida temporalmente e o bo uso dos seus elementos, sendo responsable a asociación beneficiaria dos eventuais danos producidos na instalación polo uso descoidado ou negligente desta.
9. A presente autorización extinguirase no seu caso co remate anticipado da actividade, que deberá ser comunicada expresamente ao Concello e, en calquera caso, ao remate da tempada 2022-2023.
10. No suposto que, con posterioridade ao presente acordo, outras asociacións legalmente constituídas e inscritas no Rexistro municipal, soliciten e se lle conceda o uso da mesma instalación municipal cedida, esta deberá ser compartida polas asociacións autorizadas, nas condicións fixadas entre elas por mutuo acordo ou, subsidiariamente, polo Concello.

## 11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 415,00 €

Por subscrición anual ao diario, s/factura núm. S22080720 (FACe).

- XUNTA DE GALICIA 3.614,74 €  
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao segundo cuadrimestre de 2022, s/cargo.
- XUNTA DE GALICIA 36,00 €  
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- M<sup>a</sup> ELENA JORGE MATO 58,52 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.401,93 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de agosto de 2022, s/factura núm. 22A/00120 (FACe).
- GRUPO ACODE EDUCA S.L. 14.900,00 €  
Por organización e desenvolvemento do programa “*Concilia Verán Rodeiro 2022*”, s/factura núm. 22-049 (FACe).
- MIGUEL CONDE VALES 39,28 €  
Por subministro de material de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 000231.
- FERRODEIRO S.L. 1.168,30 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 002004.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 5.521,96 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de agosto de 2022, s/factura núm. 2022/2296 (FACe).
- PILAR PRESAS CALVO 195,00 €  
Por servizo de catering servido a Sés e equipo o día 29/07/22, s/factura núm. 28.

- SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES EGDPI 12,96 €  
Por abono de dereitos de autor por actividade de cine na vía pública,  
s/factura núm. 1220434669 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas corenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)